

Orde do Día Proposto da sesión AYT/XGL/6/2017

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dna. Branca Petra Novo Rey
Dna. Concepción Fernández Fernández
D. Xan Xesús Duro Fernández
D. Manuel Dios Diz
Dna. Marta Irene Lois González
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **03 de febreiro de 2017, ás 09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en rúa San Lourenzo nº 50. (LIC/857/2016).

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao rexeitamento de alegacións presentadas e toma de coñecemento de alegación presentada no expediente LIC/689/2015; e remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia, previamente á adopción de acordo estimatorio do recurso extraordinario de revisión contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.08.2015.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á apertura do prazo para as solicitudes de renovación da concesión de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio do expediente de expropiación do dereito de uso/habitación da vivenda sita no recinto escolar do CEIP Lamas de Abade, recoñecido por sentenza firme a dona Ana M^a Sixto Santos.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para cambio de designación do director do contrato do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago.


6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á extinción da concesión dunha axuda de carácter social.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do proxecto de ampliación da plataforma do vial de Cañoteira a Outeiro de Marrozos (1^a Fase).

8.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa a non suxeición da taxa por ocupación de espazo público da rodaxe do documental "Santiago de Compostela, Patrimonio Mundial" de TVE.

9.- Dar conta da sinatura do acordo de colaboración entre o Concello de Santiago, o IGVS, o IGAPE, a USC, a Asociación Área Empresarial do Tambre e a Cámara de Comercio para a reindustrialización empresarial e a promoción do asentamento de empresas e captación de proxectos de investimento.

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do procedemento de regularización anual derivado das incidencias de exercizos anteriores a 2016



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

detectadas na prestación de horas de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, pola Xunta de Galicia.

11.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

12.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2017

O Alcalde

Asdo: Martiño Noriega Sánchez